

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	TABOADELA
<b>Edificio</b>	Igrexa de San Xurxo da Touza
<b>Dirección</b>	Lugar de San Xurxo da Touza, s/n. 32691
	42.248786 -7.844686
<b>Protección</b>	
<b>Descricion</b>	<p>Templo románico con engadidos barrocos, de planta rectangular coa ábsida menos elevada con respecto da nave que conta cunha sancristía lateral de notable tamaño. Aquela protexese a través de unha cuberta a dúas augas, mentres que a sancristía gorecese baixo unha cuberta a tres vertentes. Os seus muros levántanse en perpiaño granítico de boa calidade en aparello de opus quadratum.</p> <p>A fachada principal conta cun único oco, a porta de acceso, gorecida baixo un arco de medio punto enmarcado por unha chambrana axadrezada. Este arco, de orixe medieval, da lugar a un tímpano liso no que se realizaron unha serie de inculturas cruciformes de carácter popular.</p> <p>Na cimeira, rematando en altura o conxunto, unha esvelta espadana de forma piramidal e dous corpos que acolle dous sinos na sección inferior, deixando libre o superior, dun só oco, que se amosa acompañado por pináculos e edículas ornamentais.</p> <p>Neste templo conviven harmonicamente elementos románicos e barrocos. Entre os primeiros cabe sinalar á ábsida semicircular, de menor tamaño que a nave, que aínda conta con canzorros figurados soportando o tellado xunto a un conxunto de arcos lombardos que percorren perimetralmente a ábsida. Coroa a cumeira un Agnus Dei cunha cruz latina chantada no lombo, un elemento de clara filiación románica.</p>
<b>Campás</b>	2 campás.
<b>Fotos</b>	2
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
<b>Data</b>	08-02-2025

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
--------------	-------	----------	------------------	------------------	------

Espadana	<a href="#">Maior</a>	<a href="#">BLANCO ISLA, GREGORIO (PACIOS) (RIBAS ALTAS)</a>	1921		
Espadana	<a href="#">Menor</a>	<a href="#">DE SOUTO, MANUEL</a>	1901		

Información completa: [Igrexa de San Xurxo da Touza - TABOADELA \(GALICIA\)](#)

PDF (31-05-2026)